



RESOLUCIÓN POLA QUE SE NOMEA A COMISIÓN DE VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS EN BASE A CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A ADQUISICIÓN DE OBRAS DE ARTE CONTEMPORÁNEA PARA FORMAR PARTE DA COLECCIÓN DO CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA (CGAC) NA SECCIÓN CGAC-XACOBEO.

De conformidade co previsto no artigo 12 da Resolución desta Dirección Xeral, do 31 de xullo de 2020 pola que se publican as bases para a presentación de ofertas de adquisición de obras de arte contemporánea para formar parte da Colección CGAC na sección CGAC–Xacobeo, e se anuncia a apertura do prazo de presentación,

RESOLVO:

Primeiro: Nomear aos membros da comisión para a valoración das ofertas presentadas, de acordo co seguinte:

PRESIDENTE: Anxo Manuel Lorenzo Suárez, director xeral de Políticas Culturais

VOGAL: Santiago Olmo García, director do Centro Galego de Arte Contemporánea

VOGAL: María Pereira Otero, directora de acción cultural da Fundación da Cidade da Cultura de Galicia

VOGAL: Agar Ledo Arias, investigadora e comisaria galega de arte contemporánea

VOGAL: Semíramis González Fernández, xestora cultural, historiadora e comisaria de arte contemporánea española

SECRETARIA: Luz Marina Álvarez Moreira, xerente do Centro Galego de Arte Contemporánea

Segundo: A devandita comisión de valoración poderá ser auxiliada e nomear a cantos asesores e especialistas considere oportuno para o axeitado desenvolvemento dos seus cometidos.

Terceiro: Darlle publicidade á presente resolución na páxina web do CGAC.

Santiago de Compostela,

O director Xeral de Políticas Culturais.

